

## TERCEIRO DA ESO.

Ola rapaces! Como estades? Espero e desexo que todos estedes ben. Mándovos unha gran aperta con todo o meu cariño e o meu ánimo . **Bótvos de menos !!!!** Xa falta menos para reencontrarnos.

A continuación , propóñovos unha serie de actividades coa confianza que vos resulten interesantes e permitávos pasar un rato entretidos, adquirindo algúns coñecementos e descubrindo algunhas curiosidades.

TAREFA DA 3ª SEMANA.30-3-2020.

### OS ESTADOS PONTIFICIOS

Os Estados Pontificios foron o resultado da pugna de poder que se deu entre o poder político e o poder relixioso nos últimos anos do Imperio romano. A partir do século VI os papas erixíronse como gobernantes da cidade de Roma e foron ampliando os seus dominios. No século XVI os seus territorios ocupaban boa parte do centro da actual Italia, e os papas, ademais de exercer como líderes da cristiandade, competían no xogo político de Europa coma calquera monarca dos reinos estranxeiros. Os territorios pontificios dividíanse en pequenos principados e aínda que se atopaban baixo dominio papal, de feito eran gobernados por pequenos príncipes en constante pugna co Pontificado por lograr un poder independente. Entre os papas máis destacados deste século estiveron: Alexandre VI, Xulio II, León X, Clemente VII, Paulo III, Pío V ou Gregorio XIII.

1. Investiga algunhas das causas polas que destacaron os papas mencionados no texto.
2. Usa os coñecementos adquiridos no exercicio anterior e intenta explicar como foron as relacións dos Estados Pontificios coa monarquía hispánica e con Inglaterra no século XVI.
3. Busca información sobre a familia Borgia, quen foron e que influencia tiveron sobre os Estados Pontificios nos séculos XV e XVI?
4. Compara as biografías e os obxectivos políticos de Alexandre VI e Xulio II.
5. Intenta explicar por que razón crees que os Estados Pontificios contaban con tanta influencia e poder en todos os reinos e como a Reforma afectou a esta relación.
6. Unha das reformas máis importantes que fixo a Santa Sé neste período, e que máis directamente influíu no mundo actual, foi a implantación do calendario gregoriano, o mesmo que seguimos hoxe en día. Busca información e intenta responder as preguntas:

Por que considerou o papa que era necesaria unha reforma no calendario?

Aplicaron todos os reinos o novo calendario á vez? Que países o instauraron primeiro e por que?

Que outros calendarios houbo anteriormente?

## A PRIMEIRA VOLTA AO MUNDO

En 1519, e tras ser rexeitado polo rei de Portugal, o experto navegante Fernando de Magalhães, propuxo a Carlos V unha nova expedición cara ao oeste. O obxectivo era o mesmo que tivo Colón na súa primeira viaxe a América: chegar a Asia navegando nesa dirección e arribar ás illas das especias, para despois regresar pola mesma ruta. Segundo os cálculos de Magalhães estas illas non estaban moi afastadas dos territorios americanos recentemente descubertos. O rei aceptou financiar a expedición e proporcionoulle cinco barcos: *Trindade*, *Santo Antón*, *Concepción*, *Vitoria* e *Santiago*; e unha tripulación de 240 homes.

Pero Magalhães cometeu o mesmo erro ca Colón ao crer que a Terra era máis pequena do que en realidade é, e a travesía converteuse nunha fazaña de supervivencia. Tras bordear a costa patagónica, as naves atravesaron o estreito que leva o nome de Magalhães, durante meses navegaron polo mar que bautizaron como Pacífico e chegaron ás illas Filipinas, onde o capitán morreu pelexando contra tribos indíxenas. Tomou o mando da expedición Juan Sebastián Elcano, que chegou ás ansiadas illas das especias e decidiu regresar a Europa pola ruta coñecida polos portugueses, rodeando África.

Tras tres anos de expedición, só a nave Vitoria e dezaioito tripulantes regresaron a Sevilla. Cumpriran o obxectivo de chegar a Asia navegando cara ao oeste e completado á súa vez a primeira volta ao mundo, demostrando a todos que, en efecto, a Terra era redonda.

1. Na túa opinión, por que rexeitou o proxecto Portugal? Por que o financiou a monarquía hispánica?

2. Le o texto e responde:

Por non morrer de fame, vímonos obrigados a comer os anacos de pel de vaca que cubrían o mastro maior co fin de que as cordas non se estraguen contra a madeira... Moi a miúdo, estabamos reducidos a alimentarnos de serraduras; e as ratas, tan repugnantes para o home, volvéronse un alimento tan buscado, que se pagaba ata medio ducado por cada unha de elas... E non era todo. A nosa máis grande desgraza chegou cando nos vimos atacados por unha especie de enfermidade que nos inchaba as mandíbulas ata que os nosos dentes quedaban escondidos...

ANTONIO PIGAFETTA, Relación da primeira viaxe ao redor do mundo (Tradución)

¿De que enfermidade está falando Antonio Pigafetta no texto? Investiga sobre da chamada «enfermidade do mariño» ou «peste do mar». Como afectou a expedición de Magalhães ?

A que outras adversidades tiveron que facer fronte os navegantes da expedición ao longo da súa viaxe? Por que volveron só dezaioito homes? Cres que estes problemas

eran comúns en todas as expedicións marítimas do século XVI ou esta foi especialmente complicada? Se é así, por que puido ser?

Escribe unha breve biografía de Antonio Pigafetta.

Usa o documental e investiga por que a *Vitoria* foi a única nave que regresou da expedición.

Intenta marcar nun mapa mudo a ruta e as escalas que seguiron Magalhães e Elcano na súa volta ao mundo.



4. Realiza un traballo de investigación sobre as relacións políticas e comerciais entre Castela e Portugal desde o Tratado de Tordesillas ata o reinado de Filipe II, podes recorrer a bibliotecas, recursos web? Acompaña o teu traballo dun eixe cronolóxico cos principais acontecementos.

5. Por que atacaban os portugueses ás embarcacións castelás como a *Trindade*? Que consecuencias tivo esta expedición para o Imperio hispánico?